

CONCURSO DE DIBUXO INFANTIL DE AUTOCARES RÍAS BAIXAS



1.- DESCRIPCIÓN DA PROMOCIÓN.

A presente promoción está organizada por AUTOCARES RÍAS BAIXAS S.L. con domicilio social en Igrexa 37, Salcedo (Pontevedra) e baséase no sorteo entre os nenos participantes de **2 entradas para o IV Galicia Magic Fest**, o festival cos mellores ilusionistas do mundo que vaixe celebrar este Nadal, en Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela.

2.- MECÁNICA.

Poderá participar na promoción calquer neno, que no período comprendido entre o **6 e o 30 de Novembro de 2019** realice o seu debuxo no **Cuestionario de Transporte Escolar** de Autocares Rías Baixas. Ademais a enquisa debe estar cuberta correctamente polo pai, nai ou titor para aceptar a participación no sorteo. O debuxo debe **entregarse ao condutor ou ao acompañante** do autobús.

Consideraranse como nulas, a efectos da súa participación no sorteo, aquelas enquisas que non faciliten a totalidade dos datos persoais requiridos. Os datos facilitados polos participantes, deberán ser veraces. Caso de que estes fosen falsos ou inexactos e resultar gañador do sorteo, quedará automaticamente eliminado.

3.- ELECCIÓN DO GAÑADOR.

O neno gañador do premio será elixido mediante sorteo ao azar entre todos os participantes que cumprimentasen en tempo e forma todos os requisitos da promoción. **O sorteo será o 2 de Decembro** nas oficinas de AUTOCARES RÍAS BAIXAS.

O resultado do sorteo será inapelable e comunicarse á nai, pai ou titor do neno premiado telefonicamente ou por e-mail á dirección de correo electrónico rexistrada. O nome do menor só se fará público en caso de aceptación por parte do adulto responsable. O debuxo premiado farase público nas nosas redes sociais Facebook e Instagram e na nosa páxina web **www.autocaresriasbaixas.com**.

O gañador deberá **confirmar a aceptación do premio** nun prazo máximo de 7 días naturais a contar desde a comunicación do premio. En caso contrario, entenderase que renuncia, perdendo todos os dereitos sobre o mesmo. En caso de non poder contactar co gañador, se non cumprise algunha das normas do concurso ou non quixese gozar do premio, este quedará deserto.

4.- PERÍODO PROMOCIONAL.

A promoción iniciárase o día **6 de Novembro e finalizará o 2 de Decembro de 2019.**

5.- DEREITOS DOS DIBUXOS.

A participación no concurso supón a cesión e autorización expresa dos dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre os debuxos realizados, de forma que os participantes ceden a Autocares Rías Baixas S.L. os dereitos de explotación para publicalos nas redes sociais ou utilízalos en futuras promocións.

6.- CONSULTAS E INFORMACIÓN.

Para calquera consulta sobre este sorteo poderán dirixirse ás oficinas de **AUTOCARES RÍAS BAIXAS** en:

Pontevedra: Igrexa 37, Salcedo - Tel.986856622 - arbp@autocaresriasbaixas.com

Santiago de Compostela: Vía Diesel 17, Polígono del Tambre - Tel.981537222 - arbs@autocaresriasbaixas.com

En Pontevedra, a 5 de Novembro de 2019